



CURSO 2021/2022: CONVOCATORIA FONDO SOLIDARIO LIBROS E AXUDAS MATERIAL ESCOLAR (DOG 20/05/2021)

• **Prazo presentación solicitudes: remata o día 22 de xuño**

• **Presentación** solicitudes e dispoñibilidade dos impresos:

1. No I.E.S. Nº 1 *
2. Sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> (código ED330B)
3. Aplicación informática Fondolibros: <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

* Dada a situación actual, para poder garantir o cumprimento das medidas sanitarias e de distanciamento social, as solicitudes presenciais faranse **de acordo co seguinte protocolo:**

1. Cubra a solicitude (Anexo I e Anexo II). Poderá atopala na aplicación informática “fondolibros” ou na sede electrónica da Xunta accedendo aos enlaces arriba indicados. Despois, imprimirá a solicitude cuberta, que terá que ser asinada debidamente. Téñase en conta que pode requirirse a sinatura de varios membros da unidade familiar.
2. Unha vez cuberta e asinada, depositarase no centro xunto coa documentación que deberá aportar. No centro está limitado o emprego de documentos en papel e a súa circulación, polo que non se farán fotocopias. Isto implica que, se é necesario aportar documentación, as copias traeranse xa feitas. Debe amosarse o orixinal para o seu cotexo.
3. A entrega da solicitude xunto coa documentación deberá facela prioritariamente o propio alumnado nas dependencias administrativas do centro, excepto o alumnado de nova incorporación.
4. No caso de que se observara algún erro, o centro requirirá as persoas interesadas para que corrixan as deficiencias detectadas na solicitude, aclaren a documentación presentada ou acheguen a documentación complementaria necesaria para constatar que concorren os requisitos previstos na orde.

• **Documentación necesaria:**

1. Impreso solicitude (anexo I).
2. Anexo II (comprobación datos membros computables unidade familiar).
3. Copia libro familia ou, se é o caso, sentenza de divorcio/separación.
4. Certificado grao discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano alleo á Xunta Galicia.



Se xa foi presentada no centro o curso anterior, non é necesario presentala de novo, agás se a situación á que fan referencia mudou desde entón.

(Todos os datos terán como data de referencia: 31 decembro de 2019)

• **Comprobación de datos:**

Para a tramitación da solicitude a administración consultará automaticamente os seguintes datos: DNI, RENDA, GRAO DISCAPACIDADE (de ser o caso), PERCEPCIÓN DE PENSIÓN POR INCAPACIDADE (de ser o caso)...

• **Publicación de listaxes de solicitudes admitidas/excluídas:**

1. A listaxe provisional de persoas beneficiarias de libros de texto publicarase no taboleiro de anuncios do centro o 9 de xullo. Poderán presentar reclamación nos dous días seguintes á publicación da listaxe.
2. A listaxe definitiva, cos libros asignados ao alumnado, publicarase o 15 de setembro.